



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Asunto:** Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 8 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Partido Popular (PP), solicitando a retirada de publicidade en redes sociais do Bloque Nacionalista Galego e a incoación do correspondente procedemento sancionador do Partido do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por unha posible infracción dos artigos 51 e 53 LOREX (RE 216/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

### Antecedentes

1. O 5 de xaneiro de 2024, a representante xeral do Partido Popular presenta escrito (RE 216/2024), no que formaliza denuncia contra a formación política do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por unha posible infracción dos artigos 51 e 53 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), solicitando a retirada de publicidade en redes sociais do BNG e a incoación do correspondente procedemento sancionador. Fundamenta a súa petición coas seguintes manifestacións:

*“Dende a convocatoria ás eleccións ao Parlamento de Galicia o BNG ven publicando diversos anuncios e mensaxes que constitúen propaganda electoral nas redes sociais da formación política (...). Os anuncios contratados e publicados nas redes sociais tratan de desprestixiar ao Partido Popular e de captar votos para a formación política do BNG (...).”*

*“Estes anuncios foron contratados unha vez convocadas as eleccións, xa que as novas ás que aluden son posteriores á data de convocatoria”.*

*“Non estamos (...) ante meras publicación no perfil do BNG, senón ante insercións comerciais pagadas e contratadas para a súa difusión a través das propias redes sociais (...).”*

2. O 6 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á representante do Bloque Nacionalista Galego copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS 437/2024), extremo que se comunicou á representante xeral do Partido Popular (RS 438/2024).

3. O 7 de xaneiro de 2024, o denunciado cumpriu o trámite concedido formulando alegacións (RE 225/2024) motivando a conformidade da publicidade impugnada co establecido nos artigos 51 e 53 LOREX ao entender que *“é parte da actividade ordinaria dunha formación política, na que ademais non se está a solicitar o voto, non se usan lemas, nin se está a facer referencia ningunha ao vindeiro proceso electoral, polo que non pode considerarse publicidade electora”*, polo que solicitan o arquivo do procedemento incoado por mor da denuncia.

### Fundamentos de dereito

**Primeiro.** Os artigos invocados 51 e 53 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX), se refiren, respectivamente, á duración da campaña electoral e ao período de prohibición de campaña electoral.



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Concretamente, o artigo 53 da LOREX, prohíbe no período comprendido dende a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña, no seu parágrafo segundo, a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou insercións en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

**Segundo.** Esta prohibición de realizar a campaña electoral incluída no artigo 53 da LOREX, é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, no que aquí interesa, nos seguintes termos:

— A prohibición durante o referido período ás formacións políticas e ás candidaturas de inserción de anuncios en prensa ou revistas, ou en cuñas radiofónicas, ou en formatos publicitarios en internet (banners), ou en canais comerciais de televisión ou en outros soportes en medios dixitais (apartado primeiro.2 in fine).

— A inmediata retirada no suposto de que no momento da convocatoria electoral houbera propaganda electoral difundida con anterioridade a esta, sendo en todo caso responsable a efectos de administración electoral o candidato ou candidata ou a formación política á que se refire a propaganda (apartado primeiro.4).

— Non incorren nesta prohibición a participación en redes sociais (facebook, twitter, tuenti, etc.), sempre que non supoñan ningún tipo de contratación comercial para a súa realización e non inclúan ningunha petición expresa de voto (apartado segundo.7º).

— As xuntas electorais competentes, en función do acto realizado e do proceso electoral convocado, resolverán as denuncias, reclamacións ou recursos que se presenten para garantir o cumprimento do disposto no artigo 53 da LOREX. A tal efecto poderán requirir aos afectados para que de forma inmediata procedan á suspensión de calquera acto prohibido ou a retirada de calquera instrumento de publicidade ou propaganda que incumpra a lexislación vixente (apartado terceiro).

**Terceiro.** A Xunta Electoral Central precisa que a referida prohibición de realizar actividades aos partidos políticos debe ser interpretada sempre de maneira restritiva (entre outros no Acordo do 27 de outubro de 2011), pero considera que non están xustificadas as ditas actuacións polo exercicio de actividades ordinarias cando exista unha contratación comercial desta publicidade ou propaganda sempre e cando teña carácter de propaganda electoral, así declara no acordo do 5 de xullo de 2023:

*“No es posible aceptar los argumentos de la formación denunciada, puesto que expresamente el artículo 53 en su segundo apartado excluye la posibilidad de invocar como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios digitales, "el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones". La finalidad de este precepto es reducir los gastos electorales hasta el periodo estricto de campaña electoral, sin que se pueda eludir la prohibición alegando que se trata de actividades ordinarias de la formación política o que las inserciones efectuadas no están dirigidas a la generalidad de los votantes. El hecho de que no se pida expresamente el voto del elector no es motivo para no considerar como propaganda electoral cualquier actividad que directa o indirectamente pretenda la captación de sufragios (art.*



## XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

*50.4 de la LOREG). En el presente caso se incluyen mensajes que reflejan la intención de persuadir al elector en orden a apoyar a dicha formación política. Esta actividad resultaría legítima si se hiciera dentro del perfil o de la página del partido, pero al tratarse de una contratación comercial incurre en la prohibición en el artículo 53 de la LOREG, como reiteradamente ha tenido ocasión de señalar la Junta Electoral Central en numerosos Acuerdos (Acuerdos de 18 de marzo, 27 de marzo, 10 de junio, 17 de octubre, 23 de octubre y 30 de octubre de 2019, así como, más recientemente, 26 de abril de 2023)”.*

**Cuarto.** Respecto da denuncia formulada a Xunta Electoral de Galicia entende que o contido impugnado carece de poder persuasivo, lévase a cabo dentro do perfil do partido, e, polo tanto, non pode ser integrada dentro da categoría da propaganda electoral, senón dentro da actividade ordinaria dun partido político admisible segundo a normativa aplicable ao caso. En concreto, non cabe apreciar petición ningunha de voto expresa ou implícita na publicación, polo que non se ve materia na que integrar un *petitum* como o formulado pola entidade recorrente.

No presente caso, tendo en conta a doutrina da Xunta Electoral Central e o propio acordo da Xunta Electoral de Galicia do 9 de marzo de 2020, os anuncios controvertidos contratados pola formación política do Bloque Nacionalista Galego inseridos nas redes sociais non incorren na prohibición establecida no artigo 53 da LOREX, ao non constituír propaganda electoral, xa que non se solicita o voto directa nin indirectamente, nin se fan promesas de futuro, ademais da obrigada interpretación restritiva e da mínima intervención nestes casos polas xuntas electorais competentes pola incidencia no exercicio dos dereitos fundamentais, singularmente no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

Todo iso conduce a concluír a inexistencia de infracción administrativa conforme a concepción expansiva do dereito constitucional da liberdade de expresión que non pode ser obxecto de interpretacións restritivas por ningún poder público.

Tendo en conta as anteriores consideracións, adóptase o seguinte

### ACORDA

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 13:00 horas do próximo día 9 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:  
[xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal](mailto:xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal)